



CONCELLO DE
PONTEVEDRA

PRESENTACIÓN PROXECTOS DUSI E ORZAMENTOS MUNICIPAIS 2016 **TOMEZA**

O Concelleiro Demetro Gómez reuniuse co consello parroquial da parroquia de Tomeza para presentarlle a convocatoria dos proxectos DUSI (Desenvolvemento urbano sustentabel e integrado) e os Orzamentos municipais para o ano 2016, o 2 de decembro ás 17.00 horas.

PRESENTACIÓN DUSI

O Concello de Pontevedra opta aos fondos DUSI da Unión Europea por un importe máximo de 18 millóns de euros (18.000.000 €). Os proxectos serán valorados mediante os seguintes criterios ou obxetivos temáticos:

- Económicos: Máis aforro, dinamización económica e creación de emprego
- Ambientais: Eficiencia enerxética Reducción de emisións de CO2
- Climáticos
- Sociais: Solidaridade entre os habitantes. Tecnoloxías da información que acheguen a información aos cidadáns.
- Demográficos: Aumento da poboación

Todos esos criterios encaixan perfectamente co modelo Pontevedra

Os proxectos teñen que ir dirixidos a unha zona en concreto e cun horizonte de investimento a longo prazo e poderán ser incluídos, sempre e cando se adapten as seguintes características:

- Extensión do modelo de cidade ás parroquias: mobilidade, sendeiros peonís. Parques infantís, etc
- Recuperación de patrimonio natural e cultural: xeración de compostas e así reducir emisións de CO2, selado de vertedoiros, instalación enerxías renovables (placas solares, caldeiras pelets...)
- Favorecer a economía e a integración, aproveitando o modelo de cidade para xerar máis dinamismo e favorecer o turismo, xerando así novos postos de traballo. Accións de inclusión social e loita contra a pobreza
- Participación cidadana máis democrática; achegando á administración aos cidadáns. Por exemplo mediante aplicacións para o mobil evitando así os desplazamentos
- Tecnoloxías da información e comunicación (TICS): modernizar a administración electrónica e os servizos públicos, impulsar ofertas de ditos servizos baseados no patrimonio cultural e asociados co turismo (localización de furanchos...), mellorar o acceso a internet, etc

Con todos estes criterios hai que distribuír 18.000.000 €. Serán as propias parroquias as que decidan o que queren incluír neses proxectos polo que se verá favorecida máis todavía a participación democrática.

O consello parroquial é informado, tamén, de que se poden facer máis aportacións a través dun formulario, que poden atopar na páxina web do Concello, ou a través de twitter

Unha vez exposto o proxecto aos compoñentes do consello parroquial, éstes fan as seguintes achegas:

TOMEZA

- Aceras para favorecer a mobilidade peonil
- Regular a velocidade na parroquias
- Unir peatonalmente S. Cibrán (onde xa hai un aparcamento) co resto da parroquia, aproveitando os camiños existentes
- Chegar a acordos coa Diputación para mellorar a seguranza viaria das vías da súa propiedade
- Instalación de lombos no tramo do camiño de Santiago
- Existe na parroquia unha parcela valeira e propoñer algunhas opcións para o seu uso, inda que debería estudarse con máis calma: Residencia de ancianos, pistas deportivas, camping, etc
- Promocionar a romaría de San Cibrán e que recupere a importancia que tivo fai anos: limpar e arranxar os camiños que dan acceso á zona, integran a festa no circuito de festas do Concello e que sea publicitada
- Humanizar o adro da igrexa (xa incluído no plan de parroquia): retirar os coches para que os nenos e a xente que acude a misa esté máis segura
- Sendeiros peonís que percorran a parroquia, podendo ser temáticos: Cantería, Pastequeiros (remedios e maxia)

PRESENTACIÓN ORZAMENTOS PARA 2016

Demetrio Gómez presenta os orzamentos municipais que serán aprobados ou rexeitados no pleno do vindeiro luns 7 de decembro.

Estes presupostos son expansivos, investidores e solidarios (redistribución da riqueza) a pesar da situación sociopolítica e económica actual:

- Crise económica en Galiza o que provoca unha gran dependencia
- Globalización, o que agrava a situación precaria dos sectores productivos
- Ausencia de políticas para Galiza
- Conversión en negocio de áreas que eran públicas: sanidade, educación, etc

Os **obxetivos** principais son:

- Distribución da riqueza
- Defender o tecido económico local galego
- Afondar no modelo Pontevedra: barrios e parroquias

A pesar da conxelación de impostos, os ingresos do Concello incrementáronse nun 3,4% debido a persecución do fraude fiscal. Fírmase un convenio coa Diputación na que ésta inviste 2.000.000 €, e mediante o reforzamento dos servizos de intervención e tesourería conseguíuse demostrar que o Estado ten unha débeda con Pontevedra de 780.000 € que serán compensados

Nestes orzamentos van incluídas enmendadas de Ciudadanos e Marea Pontevedra.

Os investimentos por demarcación son:

- Urbano: 2.046.000 €
- Rural: 6.522.000 €

Explicase aos asistentes todos os **orzamentos municipais**. Na parte relativa ao **rural** (os gastos máis importantes) existen os seguintes investimentos:

- Sendas: 120.000 €
- Parque forestal da Fracha: 1.400.000 €
- Mellora da accesibilidade (camiños, estradas, etc): 1.400.000 €
- Alumeado: 300.000 €
- Saneamento: 2.400.000 €
- Casas de cultura: 225.000 €
- ARI Estibela: 67.000 €
- Patrimonio etnográfico : 75.000 €
- Novos nichos (cemiterio Estibela): 60.000 €

Investimentos **partillados** (compartidos entre o **rural** e a **cidade**)

- Xardíns e zonas verdes: 300.000 €
- Parques infantís: 250.000 €
- Obras en colexios: 50.000 €
- Outos edificios: 250.000 €

Outros gastos: **Mantementos e reparacións:**

- Sumidoiros: 15.000 €
- Iluminación: 29.000 €
- Casas de cultura. 30.000 €
- Parques e xardíns (novos): 150.000 €
- Podas: 50.000 €
- Espazos naturais: 60.000 €
- Praias: 30.000 €
- Fontes e lavadoiros: 45.000 €

Outros gastos importantes serían:

- Prevención de lumes (desbroces, etc): 130.000 €
- Sinalización de rueiro e roteiros: 202.000 €
- Suministros de electricidade: 210.000 €
- Novidade: Festas nas parroquias: 174,000 €

O total de estes últimos gastos sería de 1.081,00€, e serían os únicos gastos que se farían en caso de prorrogar os orzamentos do ano 2015 sempre e cando non se aprovaran os do 2016.